

**A CALIDADE DA REDACCIÓN ADMINISTRATIVA. TÉCNICAS PARA  
MELLORALA**

**EGAP, 2011**

**Profesor: Xermán García Cancela**

**REPASO DE CUESTIÓNS LINGÜÍSTICAS XERAIS**

## LINGUA ESTÁNDAR, LINGUA CULTA E REXISTRO FORMAL

Para analizarmos e mellorarmos a lingua do ámbito administrativo, cómpre contextualizala. Para iso, debemos partir do concepto de variación ou variedade lingüística, aplicable a toda lingua e que no caso do galego é especialmente importante.


Adiantándonos ao que agora explicaremos, a lingua da Administración debe ser unha lingua especialmente coidada, de calidade, e para iso debe atender á súa consideración de lingua propia dun **rexistro formal**, de **nivel culto**, especialmente **vinculada ao estándar** e constantemente apoiada na **variación “tecnolectal”**, o que quere dicir que nos textos administrativos aparecen con moita frecuencia trazos das linguaxes de especialidade (economía, función pública, estatística, urbanismo, educación, servizos sociais, ...).

### 1. A VARIACIÓN NA LINGUA

- Variedades dialectais ou xeográficas
- Variedades funcionais, sociais e contextuais ou rexistros
- Lingua estándar



#### 1.1. VARIEDADES DIALECTAIS OU XEOGRÁFICAS

##### 1.1.1. Distribución xeográfica do galego




### 1.1.2. Algunhas das características diferenciais de cada bloque:

| BLOQUE OCCIDENTAL                                           | BLOQUE CENTRAL                                 | BLOQUE ORIENTAL                                 |
|-------------------------------------------------------------|------------------------------------------------|-------------------------------------------------|
| Gheada: <i>xoghar</i>                                       | Gheada só no occidente                         | Non gheada                                      |
| Seseo implosivo ( <i>lus</i> ) e explosivo ( <i>sinco</i> ) | Seseo praticamente ausente                     | Non seseo                                       |
| Pronome <i>ti</i>                                           | Pronome <i>ti/tu</i>                           | Pronome <i>tu</i>                               |
| Pronome <i>el</i>                                           | Pronome <i>el/il</i>                           | Pronome <i>el/il</i>                            |
| Ditongo <i>oi/ui: moito/muito</i>                           | Ditongo <i>oi: moito</i>                       | Ditongo <i>-ui (u): muito / muto</i>            |
| Terminación <i>-án/-án: meu irmán/miña irmán</i>            | Terminación <i>-ao/-á: meu irmao/miña irmá</i> | Terminación <i>-ao/-á: meu irmao/miña irmá</i>  |
| Plural en <i>-ns: cans, pantalóns</i>                       | Plural en <i>-s: cas, pantalós</i>             | Plurais en <i>-is: cais, pantalois</i>          |
| Formas en <i>ca-/ga-: catro, gardar</i>                     | Formas en <i>ca-/ga-: catro, gardar</i>        | Mantemento de <i>cua-/gua-: cuatro, guardar</i> |
| Terminación <i>-iño: camiño, padriño</i>                    | Terminación <i>-iño: camiño, padriño</i>       | Terminación en <i>-ín: camín, padrín</i>        |
| VT na CII <i>-e-: colleches</i>                             | VT na CII <i>-i-: colliches</i>                | VT na CII <i>-i-: colliches</i>                 |







Distribución do seseo explosivo e implosivo.



Distribución dos pronomes tónicos suxeito *ti/tu* e dos pronomes átonos *llo/llelo*.



Distribución dos pronomes *te* e *che* nas funcións de OD e OI.



Distribución dos pronomes tónicos *el/el*.

## 2. VARIEDADES SOCIAIS, FUNCIONAIS E CONTEXTUAIS

Á parte das variedades xeográficas, a lingua varía segundo a analicemos desde diversos enfoques, basicamente tres:

### 2.1. Variedades sociais

De acordo con esta tipoloxía podemos diferenciar, a grandes trazos:

**-Galego popular:** empregado pola mayoría dos galeofalantes, presenta numerosos desvíos da lingua estándar, non só polo que se refire aos dialectalismos, senón tamén pola presenza de vulgarismos e de castelanismos, especialmente de tipo léxico. Trátase dun galego case exclusivamente oral, empregado, sobre todo, en ámbitos coloquiais e familiares.

**-Galego culto:** coincide en liñas xerais coa variedade definida na norma estándar e que se corresponde co galego escrito e co oral dos medios de comunicación e de ámbitos formais.

## 2.2. Variedades funcionais (*tecnolectos* ou linguaxes de especialidade)

Son as que presenta a lingua en función da finalidade con que se emprega (a lingua da medicina, da administración, da economía, da física, do derecho...).

Caracterízanse pola presenza dun léxico específico, e tamén por uns xiros particulares. Cando maior sexa o grao de especialización do léxico, menos intelixible será para un usuario común e máis será só intelixible para especialistas.

## 2.3. Variedades contextuais ou rexistros

Tamén se denominan niveis de uso ou estilos. Dependen do lugar e da circunstancia en que se emiten os enunciados da lingua. Un mesmo enunciado pode expresarse nun rexistro formal ou informal (con graos dentro de cada un: popular, coloquial, vulgar, ...), dependendo do interlocutor, do tema, do contexto, da situación e doutros factores.

Aos diferentes rexistros corresponden distintas seleccións, especialmente léxicas e fonéticas. Nun rexistro formal e coidado son impropias moitas solucións dialectais, así como vulgarismos e castelanismos moi frecuentes no galego coloquial.

## 3. A VARIEDADE ESTÁNDAR OU COMÚN

Por riba das variedades xeográficas (e tamén das contextuais), existe unha variedade lingüística estandarizada, isto é, unha forma común de lingua para todos os falantes e que se emprega, fundamentalmente, na comunicación escrita e nos usos formais (ensino, medios de comunicación, actos administrativos, ...).

O **galego estándar** ou **galego común** é unha variedade supradialectal, definida pola Real Academia Galega (RAG), en que as diferentes escollas normativas teñen unha moi desigual extensión xeográfica.

O galego estándar ou común configúrase arredor de tres grandes eixes:

### 3.1. Aspectos ortográficos e morfolóxicos (vinculados a aspectos fonéticos)

Teñen a súa base nas *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* (1982, revisadas en 1996 e en 2003). Os criterios polos que se guía poden verse na introdución.

A elaboración das presentes *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* fíxose atendendo aos seguintes principios:

1. A lingua normativa ten que estar ao servizo da cultura dun pobo real e concreto, e por tanto ha de ser necesariamente continuadora da lingua falada pola comunidade e ha de achegarse canto sexa posible a ela, a fin de enraizar sobre bases seguras e vivas. Agora ben, para que estas bases sexan efectivamente sólidas, a norma debe acoller un galego fiel a si mesmo e limpo de canto de espurio hai incrustado na fala viva pola presión do castelán. É dicir, a lingua común debe ser o máis galega posible, establecida sen sometementos nin dependencias, con atención escrupulosa á estrutura e características lingüísticas do galego.
2. O galego normativo ten que ser o vehículo expresivo común e válido para todo o pobo galego, voz apta e dispoñible para as súas manifestacións tanto escritas coma orais, tanto artísticas coma utilitarias. Consecuentemente, o galego común non pode basearse nun único dialecto, senón que debe prestar atención preferentemente á extensión xeográfica e demográfica das formas para seleccionar as normativas. Ha de ser, pois, supradialectal e lograr que o maior número posible de falantes galegos se identifiquen coas solucións acordadas.
3. O galego común debe seguir as boas tradicións da antiga lingua galega que sexan compatibles coa maneira de ser moderna da lingua, de xeito que as formas tradicionais sexan preferidas ás más innovadoras e evolucionadas. Debe recoñecer tamén a súa propia literatura e cultura más recentes, emparentando así con todos os escritores anteriores e aceptando solucións xa consagradas polo uso.
4. As escollas normativas deben ser harmónicas coas das outras linguas, especialmente coas romances en xeral e coa portuguesa en particular, evitando que o galego adopte solucións insolidarias e unilaterais naqueles aspectos comúns a todas elas. Para o arrequecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego. As escollas deben decidirse de acordo cun criterio de coherencia interna, a fin de que o galego común non resulte arbitrario e incongruente.

Unha lingua común asentada na fala, mais depurada de castelanismos, supradialectal, enraizada na tradición, coerente e harmónica coas demás linguas de cultura, esixe:

1. Excluír o diferencialismo radical porque, aínda querendo ser unha postura de defensa fronte ao castelán, manifesta de feito unha posición dependente e

dominada con respecto a esta lingua. Han de excluírse, con maior razón, soluciones diferencialistas que só sexan falsas analogías e vulgarismos.

2. Excluír tamén a evasión cara á lingua medieval: formas definitivamente mortas e arcaicas non deben suplantar outras vivas e galegas.

3. Valorar a contribución do portugués peninsular e brasileiro, mais excluír soluciones que, ainda sendo apropiadas para esa lingua, sexan contrarias á estrutura lingüística do galego. O punto de partida e de chegada en calquera escolha normativa ha de ser sempre o galego.

### **3.2. Aspectos gramaticais**

Son os que menos discusión suscitan, pois a gramática galega mantívose en xeral notablemente uniforme e sen contaminación.

### **3.3. Aspectos léxicos**

Os labores más importantes na codificación do léxico son a recollida, a depuración e a innovación, para establecer un vocabulario común, en que as palabras queden fixadas na súa forma correcta (ortográfica e morfolóxica) e coas indicacións de uso e construcción correspondentes.

Esta modalidade de lingua é elaborada por unha institución competente (as academias, habitualmente) para unificar o seu uso en certos contextos: ensino, medios de comunicación, administración..., e, en xeral, en todo tipo de usos formais.

## **4. ALGÚNS TRAZOS DO GALEGO ESTÁNDAR**

### **4.1. Plano oral**

Está ben definido nalgúns cuestiós, mentres que noutras aínda está en proceso de definición. Por exemplo, non é doado definir un único xeito de pronuncia. En xeral, determinadas variantes dialectais poden convivir no plano oral, por ex., na pronuncia de certas palabras con e aberto ou e pechado en función da zona (neve/nEve); no plano léxico (concha/cuncha), e tamén nalgúns ámbitos da morfoloxía (amábel/amable).

Hai algunas cuestiós da lingua oral deben coidarse especialmente. A elas aluden as *Normas ortográficas e morfolóxicas*. Así:

#### **4.1.1. No plano fonético:**

-A distinción no timbre das vogais (*e* e *o* abertos e pechados, que mesmo pode dar lugar a distincións semánticas entre palabras). Ortograficamente obrigan ao emprego de marcas distintivas (acento diacrítico, punto 2.7.1 das *Normas*).

-O fonema [x] de palabras como *xastre*, *xardín*, ..., que non debe confundirse coa pronuncia en palabras como *exame*, *saxofón*, ... (véxase os puntos 1.9. e 8.7. das *Normas*). Neste grupo hai palabras que habitualmente pronunciamos coma en *toxo*, que, non obstante, deben pronunciarse con [ks]: *circunflexo*, *complexidade*, *complexo*, *crucifixo*, *paradoxo*, *perplexo*, *prefixo*, *prolixo*, *reflexo*, *sufixo*, ...

-O fonema [n] en palabras como *unha* (distinto de *una*, do verbo unir), *algunha* e *ningunha*. Este mesmo fonema tamén aparece, en fonética sintáctica, na combinación dalgúndhas palabras terminadas en –n coa vogal seguinte: *non é certo*; *non estamos*; ...

-A pronuncia da connexión *e* como [e] e non como [i].

-A pronuncia da contracción *ao* como ó (véxase o punto 14.1.2.1. das *Normas*)

-A pronuncia dos grupos cultos (véxase o punto 8.18 das *Normas*)

-A pronuncia segundo a cadea falada (véxase o punto 10.6 das *Normas*). Debe evitarse, non posible, sobre todo cando lemos textos previamente escritos, a pronuncia entrecortada, palabra a palabra.

-A pronuncia do artigo determinado (véxase o punto 14.1.1. das *Normas*).

-A pronuncia da preposición *para*, soa ou en combinación co artigo.

#### **4.1.2. No plano morfolóxico (compartido coa lingua escrita na maior parte dos casos)**

Neste ámbito, o máis importante é, en discursos formais:

- superar no posible as variantes dialectais e apostar polas normativas
- atender ás interferencias que se producen co castelán

Terase en conta isto en ámbitos como os seguintes:

-A correcta formación dos plurais e dos femininos (*sutís*, *habituais*, *papeis*, *sa, catalá, raíña*, ... fronte a *\*sutiles*, *\*habituales*, *\*papeles*, *\*sana*, *\*catalana*, *\*reina*, ....)

-A non confusión de xénero en certas palabras pola influencia do castelán: *a ponte, a suor, o sangue, a orde, a desorde, o sinal, o leite, ...*

-A pronuncia de certas partículas como *se*, *nin*, *sen*, *senón*, *mentres*, *ata/até*, ...

-A correcta conxugación verbal, seguindo:

-para os verbos regulares, os paradigmas correspondentes: (*eu andei*, *vós varrestes*, *nós partiamos*, ...)

-para os verbos regulares con algunha particularidade, o sinalado pola norma (*eu sigo*, *ti segues*; *eu traducín*; *ti liches*; *el cre*; *el nomee*; *eu oio*; *el inclúa*; *nós debatemos*; *vós interrompedes*; ....)

-para os verbos irregulares, os paradigmas de cada un deles (*eu caibo*; *nos deamos*; *el di*; *vós esteades*; *nós houbemos*; *ti ías*; *nós fósemos*; *ti oes/tu ouves*; *eu puiden*; *vós poñiades/vós puñades*; *non me prougo*; *el quererá*; *eles saiban*; *ti fuches*; *vós tivestes*; *eles traian*; *eu vallo*; *ti valerás*; *nós viamos*; *vós viredes*; ...)

#### **4.1.3. No plano sintáctico (tamén compartido coa lingua escrita):**

-O erro que se detecta con maior frecuencia é a mala colocación do pronome átono. Debe evitarse a proliferación de frases que comienzan con formas átonas (por influxo cada vez maior do castelán). Para unha correcta colocación dos pronomes o mellor é:

-se somos galegofalantes, guiarnos sobre todo pola nosa propia percepción do correcto e do incorrecto.

-se somos neofalantes, aplicar as normas de colocación que se conteñen en todos os manuais de aprendizaxe, e interiorizar certos usos moi habituais: (*eu díxenlle que iso é mentira*; *eu non lle dixen nada*; *xa lle dixen que iso é mentira*; *onte díxenlle que iso é mentira*; *sempre lle dixen que iso é mentira*; ...).

-Tamén é moi importante atender ás interferencias do castelán no emprego cada vez máis frecuente de tempos compostos (\**iso xa o había confirmado eu* na vez de *iso xa o confirmara eu*) ou na equivalencia do castelán *haber + participio* co galego *ter + participio* (*esta mañana he leido el periódico* non pode dicirse en galego \**esta mañana teño lido o xornal*, senón *esta mañana lin o xornal*).

#### **4.1.4. No plano léxico e terminolóxico:**

-Utilizar palabras galegas e non castelanismos, que poden aparecer disfrazados (*conexo*, *parexa*, ...), ou baixo a forma castelá directamente (*ayer*, *dios*, *iglesia*, *cuchara*, ...). No plano terminolóxico, debe igualmente fuxirse dos castelanismos.

Tamén deben evitarse outras desviacións do estándar como os hiperenxebrismos (*convinte, escea, primaveira, sinceiro, semán, humán ...*), os vulgarismos (*lingoa, esprito, probe, ...*), os arcaísmos (*conquerir, vegada, ...*) ou os lusismos (*proprio, bairro, redixir, viver, escreber, simplesmente, ...*). Aínda así, cómpre recoñecer no portugués un referente fundamental para a recuperación de boa parte do léxico culto e científico do galego moderno (*pobo, Deus, igrexa, escano, orzamento, hepatite, ...*). De feito, isto é, como vimos, o que manifesta a RAG no limiar das *Normas*.

#### **4.2. Plano escrito**

En xeral, a recomendación é a de acomodarse ao que ditan as *Normas ortográficas e morfolóxicas do idioma galego* para estas dúas cuestións e o VOLGA e os dicionarios normativos para o plano léxico. No plano sintáctico, fuxirse igualmente de construcións non galegas, como a mala colocación do pronome átono. E no plano léxico e terminolóxico evitaranse, igual ca no rexistro oral, as desviacións do estándar mediante castelanismos, hiperenxebrismos, vulgarismos, lusismos, etc.

No plano escrito non debemos esquecer a posibilidade de botar man do corrector ortográfico e mesmo de tradutores automáticos (estes últimos, con moita cautela).

## FENÓMENOS DE INTERFERENCIA LINGÜÍSTICA

### A) Interferencias do galego no castelán

-**Na fonética e na entoación:** o castelán presenta en galego unha entoación marcadamente galega; un sistema de sete vocais; un /n/ no encontro de certas palabras propio do galego: *con aquella* pronúnciase como en *unha*.

-**Na morfosintaxe:**

- Ausencia de formas compostas nos tempos verbais (*¿que dijiste?; cuando llegóé él aún no llegara;...*)
- Perífrases galegas inexistentes en castelán ou cun valor distinto: *no doy acabado; hube de caer; ...*
- Emprego do dimimutivo -iño: *que riquiño; mi hijiño,...*
- Pronome de solidariedade: *mi hijo le es muy buen estudiante; no te sé,...*

-**No léxico,** o vocabulario galego é percibido, en xeral, como máis “expresivo” en certos contextos. Os campos semánticos más frecuentemente afectados son os relativos á vida familiar e doméstica, á infancia e ás actividades infantís, á caracterización física ou psicolóxica das persoas, aos animais e plantas propios do país, aos alimentos e bebidas más típicos e comúns e en xeral ao relacionado coa vida rural e cos labores tradicionais do campo e do mar: *esmagar, colo, eira, toxo, filloas, xouba, xesta, corredoira, viruxe, pota, parvo, ...*

Actualmente, en determinados ámbitos (administración e medios de comunicación, sobre todo), a presenza do galego ten inducido a introdución de palabras e expresións galegas en textos en castelán: *bolsa, ayuda de coste, cuadro de personal, conceelho, avaliación, vacina, ya que luego, cualificación, ...* e mesmo provoca que certas expresións castelás “soen raras” utilizadas en Galicia (“la Junta de Galicia tiene doce consejerías, y hay tantas consejeras como consejeros. En el Consejo de Cuentas y en el Consejo de la Cultura Gallega, sin embargo, hay menos consejeras;..”.)

### B) Interferencias do castelán no galego

O influxo do castelán maniféstase escasamente nos niveis morfosintáctico e fonético pero é moi evidente no léxico.

-Algúns dos fenómenos morfosintácticos debidos á influencia do castelán son: a alteración do xénero gramatical de substantivos (*a mel, a leite, a eme, ...*); a anteposición dos pronomes átonos ao verbo en contextos en que o galego esixe posposición (*che digo unha cousa,...*), a alteración de formas da conxugación verbal

cando non hai equivalencia das irregularidades nunha e noutra lingua (*supen, andivera, parezco,...*); ...

-No léxico é onde se dan a maior parte das interferencias do castelán no galego.

Na penetración dos castelanismos tiveron un papel fundamental a Igrexa, a Administración e o ensino, que provocaron que formas como *Dios, Iglesia, pueblo, enseñanza*, etc. estean xa instaladas no galego desde hai séculos. Outras veces, a entrada do castelanismo léxico débese á ruptura co mundo tradicional, coa chegada de obxectos máis modernos con nome castelán (*escoba ou embudo* en vez de *vasoira e funil*, por ex.).

### **Tipos de interferencia:**

-Cando no galego existen dúas palabras total ou parcialmente sinónimas, unha das coincidente ou parecida ao castelán e outra diferente, a primeira ten preferencia: *acordar(se)/lembrar(se); acostumar(se)/afacer(se); brando/mol; nuca/caluga; colgar/pendurar; crer/coidar; lágrima/bágoa; labios/beizos; ...*

-En ocasións, o castelanismo léxico convive coa forma galega, pero esta vai restrinxindo o seu significado pola influencia da forma castelá: *vasoira/escoba; billa/grifo; tixola/sartén; corte/cuadra; lura/calamar; ...*

-Substitución do termo galego polo castelán de forma total: *Dios, iglesia, pueblo, escuela, miércoles, jueves, viernes, salud, enero, julio, rodilla, codo, señal, ...*

-Ás veces, o castelanismo acomódase á fonética ou á morfoloxía do galego: *conexo, parexa, antoxo, baraxa, desaúno, carreteira, lexos,...*

-Outro tipo de castelanismo é o que afecta á ortografía das palabras: *avelá, abogado, automóvil, cobarde, ermida, armonía, ...*

No seguinte cadro, temos algúns castelanismos léxicos de uso frecuente (algúns baixo aparencia galega), coa forma galega correcta á dereita:

|              |                   |               |              |                 |                    |
|--------------|-------------------|---------------|--------------|-----------------|--------------------|
| *abó, aboa   | avó, avoa         | *aficionado   | afeccionado  | *albarán        | albará             |
| *abogado, a  | avogado, a        | *afilador     | afiador      | *alcantarilla   | sumidoiro          |
| *abultar     | avultar           | *afilalápices | afialapis    | *alcantarillado | rede de sumidoiros |
| *acaudalado  | rico, adiñeirado  | *afloxar      | afrouxar     | *aleación       | aliaxe             |
| *acechar     | asexar, axexar    | *agotar       | esgotar      | *aleiro         | beirado, beiril    |
| *aceituna    | oliva             | *agrio        | agre         | *Alemania       | Alemaña            |
| *acera       | beirarrúa         | *ahí          | aí           | *alevosía       | aleivosía          |
| *acomparar   | compasar          | *ahinco       | empeño, afán | *alexado        | distante, afastado |
| *acorazado   | acoirazado        | *aier         | onte         | *alfiler        | alfinete           |
| *acorralar   | acurralar         | *airado       | irado        | *almendra       | améndoа            |
| *acortar     | acurtar           | *aiuno        | xaxún        | *almíbar        | xarope             |
| *acostumbrar | acostumar, afacer | *alambre      | arame        | *almidón        | amidón             |
| *acreedor    | acredor           | *albañil      | albanel      | *alquilar       | alugar             |

|               |                       |               |                      |                |                          |
|---------------|-----------------------|---------------|----------------------|----------------|--------------------------|
| *alquiler     | alugamento, alugueiro | *bache        | focha, fochanca      | *ciruxía       | cirurxía                 |
| *altavoz      | altofalante           | *bachillerato | bacharelato          | *cliché        | clixé                    |
| *amalgama     | amálgama              | *baraxa       | baralla              | *cobarde       | covarde                  |
| *amenaza      | ameaza                | *barniz       | verniz               | *cocodrilo     | crocodilo                |
| *aminorar     | minorar               | *barrer       | varrer               | *codorniz      | paspallás                |
| *amistade     | amizade               | *basura       | lixo                 | *cofrade       | confrade                 |
| *amistoso     | amigable              | *beca         | bolsa                | *cofradía      | confraría                |
| *amonestar    | amoestar              | *becario      | bolseiro             | *colmena       | colmea                   |
| *amortiguador | amortecedor           | *besar        | bicar, beixar        | *combatir      | combater                 |
| *amplamente   | amplamente            | *betún        | betume               | *comulgar      | comungar                 |
| *amplio       | amplo                 | *boda         | voda                 | *comunión      | comuñón                  |
| *ampolla      | ampola                | *bombilla     | lámpada              | *concellal     | concelleiro              |
| *ancla        | áncora                | *bostezar     | bocejar              | *confitería    | condeitería              |
| *andén        | plataforma            | *brindis      | brinde               | *conmigo       | comigo                   |
| *antiguo      | antigo                | *Bruselas     | Bruxelas             | *conminar      | cominar                  |
| *antorchas    | facho                 | *brúxula      | compás               | *conservaduris | conservadorismo          |
| *antoxo       | antollo               | *buítre       | voitre               | mo             |                          |
| *anudar       | anoar                 | *burbuxa      | burbulla             | *contramaestre | contramestre             |
| *ánxel        | anxo                  | *cabestrillo  | estribeira           | *contraseña    | contrasinal              |
| *aparexador   | aparellador           | *cabildo      | cabido               | *convertir     | converter                |
| *apariencia   | aparencia             | *calamar      | lura                 | *corbata       | gravata                  |
| *apellido     | apelido               | *calambre     | cambra               | *corcho        | cortiza                  |
| *apisonadora  | apisoadora            | *calentador   | quentador            | *cornisa       | cornixa                  |
| *aplantar     | esmagar               | *calificar    | cualificar           | *cortometraxe  | curtometraxe             |
| *aplazar      | aprazar               | *caluroso     | caloroso             | *costar        | custar                   |
| *apodo        | alcume, alcuño        | *calzoncillos | calzóns              | *coste         | custo                    |
| *apremiar     | apremar, constrinxir  | *campana      | campá                | *cruce         | cruzamento, encrucillada |
| *arcén        | beiravía              | *campanilla   | campaíña             | *cuatrienio    | cuadrienio               |
| *archi-       | arqui-                | *campeón      | campión              | *cucaracha     | cascuda                  |
| *arcilla      | arxila                | *canciller    | chanceler            | *cuchara       | culler                   |
| *armonía      | harmonía              | *candado      | cadeado              | *cuenca        | cunca, bacía             |
| *arrabaldo    | arrabalde             | *cansancio    | cansazo              | *cumpreanos    | aniversario              |
| *arruga       | engurra               | *canxejar     | trocar, intercambiar | *cuna          | berce                    |
| *Arxelia      | Alxeria               | *caña         | cana                 | *dáño          | dano                     |
| *arzobispo    | arcebispó             | *cánamo       | cánabo               | *dáñino,-a     | dáñino,-a                |
| *asamblea     | asamblea              | *cañón        | canón                | *debacle       | desastre, desfeita       |
| *asco         | noxo                  | *cárcel       | cárcere (m.)         | *debatir       | debater                  |
| *asesino      | asasino               | *cardenal     | cardeal              | *decomisar     | comisar                  |
| *astillero    | estaleiro             | *careo        | acareo               | *decomiso      | comiso                   |
| *aterrizar    | aterrar               | *caries       | carie                | *derogar       | derrogar                 |
| *atmósfera    | atmosfera             | *carretera    | estrada              | *desdicha      | desgraza, desventura     |
| *atornillar   | aparafusar            | *cartulina    | cartolina            | *deshauciar    | desafuzar                |
| *atropello    | atropelo              | *cautivar     | cativar              | *deshaucio     | desafuzamento            |
| *automóvil    | automóbil             | *celda        | cela                 | *desnudo       | espido, nu               |
| *autopista    | autoestrada           | *cementerio   | cemiterio            | *despido       | despedimento             |
| *aventaxar    | avantaxar             | *ceremonia    | cerimonia            | *desplazar     | desprazar                |
| *avería       | avaría                | *cerroxo      | ferollo              | *desprecio     | desprezo                 |
| *axedrez      | xadrez                | *cerveza      | cervexa              | *destrozar     | esnaquizar, estragar     |
| *ayuno        | xaxún                 | *chilaba      | xilaba               | *deuda         | débeda                   |
| *âxedrez      | xadrez                | *cigüeña      | cegoña               | *diputado      | deputado                 |
| *bacalao      | bacallao              | *ciruxano     | cirurxián            | *disculpa      | desculpa                 |

|              |                       |                |                 |              |                         |
|--------------|-----------------------|----------------|-----------------|--------------|-------------------------|
| *diseñar     | deseñar               | *interés       | interese/xuro   | *orquesta    | orquestra               |
| *disminuir   | diminuir              | *interrumpir   | interromper     | *oruga       | eiruga                  |
| *donación    | doazón                | *inxeniero,-a  | enxeñeiro,-a    | *otorgar     | outorgar                |
| *donar       | doar                  | *irrevocable   | irrevivable     | *ovillo      | nobel                   |
| *dulce       | doce                  | *lactancia     | lactación       | *pabellón    | pavillón                |
| *encía       | enxiva                | *lámpara       | lámpada         | *paladar     | padal                   |
| *encuesta    | enquisa, sondaxe      | *langosta      | lagosta         | *palanca     | panca                   |
| *envidia     | envexa                | *lápiz         | lapis           | *pañuelo     | pano de man             |
| *escalón     | chanzo, paso; grao    | *lechuga       | leituga         | *paradoxa    | paradoxo                |
| *esguince    | escordadura           | *lexía         | lixivia         | *parexa      | parella                 |
| *estadística | estatística           | *lexos         | lonxe           | *párrafo     | parágrafo               |
| *esternón    | esterno               | *libertade     | liberdade       | *parrilla    | grella                  |
| *estuche     | estoxo                | *libreta       | caderno         | *pasión      | paixón                  |
| *estudiar    | estudar               | *limosna       | esmola          | *patronato   | padroado                |
| *estudio     | estudo                | *limpio,-a     | limpo,-a        | *peine       | peite                   |
| *evaluación  | avaliación            | *linterna      | lanterna        | *pelea       | pelexa                  |
| *evaluar     | avaliar               | *liqueñ        | lique           | *peligro     | perigo                  |
| *fastidiar   | enfastiar             | *llanura       | chaira          | *peluca      | perruca                 |
| *fastidio    | fastío                | *llavero       | chaveiro        | *pelvis      | pelve                   |
| *fecha       | data                  | *lubina        | robaliza        | *pérdida     | perda                   |
| *feligrés    | fregués               | *madrastra     | madrasta        | *perdonar    | perdoar                 |
| *financiero  | financeiro            | *maiorazgo     | morgado         | *pereza      | preguiza                |
| *finca       | leira, terreo, predio | *maiordomo     | mordomo         | *pertenencia | pertenza                |
| *floxo       | frouxo                | *manzanilla    | macela          | *pesadilla   | pesadelo                |
| *frioleiro   | friorento             | *martillo      | martelo         | *pizarra     | lousa                   |
| *garantizar  | garantir              | *masticar      | mastigar        | *plomo       | chumbo                  |
| *gazapo      | cazapo                | *mecanografiar | mecanografar    | *población   | poboación               |
| *glotón, -a  | lambón, larpeiro      | *médula        | medula          | *poleo       | poexo                   |
| *glucosa     | glicosa               | *membrillo     | marmelo         | *polilla     | couza, traza            |
| *gluten      | glute                 | *merluza       | pescada, pixota | *polvo       | po                      |
| *golosina    | lambetada             | *mermar        | minguar         | *ponencia    | relatorio               |
| *grabar      | gravar                | *mermelada     | marmelada       | *ponente     | relator                 |
| *grado       | grao                  | *mezclar       | mesturar        | *poseer      | posuír                  |
| *granizo     | sarabia, pedra        | *mezquino,-a   | mesquiño,-a     | *precio      | prezo                   |
| *grapa       | grampa                | *milagro       | milagre         | *prenda      | peza (de roupa) / peñor |
| *grasa       | graxa                 | *misil         | mísil           | *promedio    | media                   |
| *grifo       | billa                 | *mojón         | marco           | *pronóstico  | prognóstico             |
| *guardia     | garda                 | *móvil         | móbil           | *proveedor   | provedor                |
| *heredar     | herdar                | *mueble        | moble           | *querella    | querela                 |
| *hinchar     | inchar                | *muela         | moa             | *quirúrxico  | cirúrxico               |
| *hola        | ola                   | *muelle        | resorte/peirao  | *rábano      | ravo                    |
| *hombro      | ombro, ombreiro       | *naranxa       | laranxa         | *racimo      | acio                    |
| *homóplato   | omoplata              | *navidades     | nadal           | *ramillete   | ramallete               |
| *huella      | pegada                | *neumático     | pneumático      | *rampa       | rampla                  |
| *húmero      | úmero                 | *neumonía      | pneumonía       | *rasgo       | trazo, risco            |
| *ícono       | icona                 | *nombrar       | nomear          | *razonar     | razoar                  |
| *ímpetu      | ímpeto                | *nudo          | nó              | *reanudar    | reiniciar; reemprender  |
| *increíble   | incrible              | *obispo        | bispo           | *recaudar    | recadar                 |
| *incurrir    | incurrer              | *ocurrir       | ocorrer         | *recelar     | recear                  |
| *indudable   | indubidable           | *olvidar       | esquecer        | *receta      | receita                 |
| *inmiscuir   | inmiscir              | *orfebre       | ourive          | *recluta     | recruta                 |

|               |                 |              |                 |            |                  |
|---------------|-----------------|--------------|-----------------|------------|------------------|
| *recopilar    | recompilar      | *sótano      | soto            | *venta     | venda            |
| *rector       | reitor          | *substraer   | subtraer        | *vértigo   | vertixe          |
| *recurrir     | recorrer        | *suciedade   | sucidade        | *verxa     | enreixado, grade |
| *reemprazar   | substituír      | *sudor       | suor            | *vestuario | vestiario        |
| *reflexar     | reflectir       | *suero       | soro            | *vidrio    | vidro            |
| *regla        | regra           | *sumerxir    | somerxer        | *virrei    | vicerrei         |
| *reglamentar  | regulamentar    | *suministrar | subministrar    | *viruta    | labra            |
| *reglamento   | regulamento     | *suministro  | subministración | *visto bo  | visto e prace    |
| *rehén        | refén           | *sumisión    | submisión       | *viúdo     | viúvo            |
| *reir         | rir             | *sustraer    | subtraer        | *vocal     | vogal            |
| *relámpago    | lóstrego        | *suxerencia  | suxestión       | *voladizo  | beiril           |
| *rellano      | relanzo         | *taladro     | trade           | *xacemento | depósito, xacigo |
| *rencor       | rancor          | *tarta       | torta           | *xarabe    | xarope           |
| *rendir       | render          | *tasa        | taxa            | *xarrón    | vaso             |
| *renta        | renda           | *tasar       | taxar           | *xaula     | gaiola           |
| *rentable     | rendible        | *taza        | cunca           | *xemelo    | xemelgo          |
| *reptil       | réptil          | *tela        | tea             | *xen       | xene             |
| *requerir     | requirir        | *telefonear  | telefonar       | *xoroba    | chepa, xiba      |
| *resfriar     | arrefriar       | *tenedor     | garfo           | *xulgado   | xulgado          |
| *resonar      | resoar          | *térmimo     | termo           | *xuzgar    | xulgar           |
| *respetar     | respectar       | *ternura     | tenrura         | *zanxa     | gabia            |
| *respeto      | respecto        | *testigo     | testemuña       | *zumo      | zume             |
| *retrasar     | atrasar         | *testimonio  | testemuño       |            |                  |
| *retraso      | atraso          | *textil      | téxtil          |            |                  |
| *revocar      | revogar         | *tierno      | tenro           |            |                  |
| *riguroso     | rigoroso        | *tintorería  | tinturaría      |            |                  |
| *riñón        | ril             | *tixeira     | tesoira         |            |                  |
| *rocío        | orballo         | *tiza        | xiz             |            |                  |
| *rodilla      | xeonlló         | *tono        | ton             |            |                  |
| *ronco        | rouco           | *tonto       | parvo           |            |                  |
| *sábana       | saba            | *toser       | tusir           |            |                  |
| *sabañón      | frieira         | *traición    | traizón         |            |                  |
| *salado       | salgado         | *traicionar  | traizoar        |            |                  |
| *sangre       | sangue          | *trasplante  | transplante     |            |                  |
| *sano,-a      | san, sa         | *trasvasar   | transvasar      |            |                  |
| *sarampión    | xarampón,       | *travesaño   | traveseiro      |            |                  |
|               | sarampelo       | *trébol      | trevo           |            |                  |
| *sartén       | tixola          | *trozo       | anaco, cacho    |            |                  |
| *sastre       | xastre          | *tutor       | titor           |            |                  |
| *savia        | zume            | *ucha        | hucha           |            |                  |
| *según        | segundo         | *ufano       | oufano          |            |                  |
| *seísmo       | sismo           | *ultrasonido | ultrasón        |            |                  |
| *sello        | selo            | *ultraxe     | aldraxe         |            |                  |
| *señal        | sinal           | *vacío       | baleiro         |            |                  |
| *sequía       | seca            | *vacuna      | vacina          |            |                  |
| *silla        | cadeira, asento | *vajilla     | vaixela         |            |                  |
| *sobornar     | subornar        | *valeroso    | valoroso        |            |                  |
| *sofocar      | sufocar         | *vanguardia  | vanguarda       |            |                  |
| *solidaridade | solidariedade   | *vanidoso    | vaidoso         |            |                  |
| *sonido       | son             | *vena        | vea             |            |                  |
| *sortixa      | sortella, anel  | *veneno      | veleno          |            |                  |

## GRUPOS CONSONÁNTICOS. SUFFIXOS E TERMINACIÓNS

Para un correcto emprego dalgunhas palabras (grupos consonánticos, terminación, sufixos, ...), cómpre ter en conta a distinción entre palabras **patrimoniais**, **cultismos** e **semicultismos**, que ten que ver co distinto momento en que as palabras pasaron, desde o latín, a converterse en galego.

- a) Palabras populares ou patrimoniais: están presentes na lingua desde o comezo e sufriron as evolucións fonéticas características do paso do latín ao galego: *clamare>chamar; saltu>souto; nocte>noite; lacte>leite; vetulu>vello*; etc.
- b) Palabras cultas: incorporadas ao galego desde o latín no momento en que xa non operaban as transformacións fonéticas das palabras patrimoniais e que, polo tanto, non sofren a penas cambios: *capitulu>capítulo; dormitoriu>dormitorio; pellicula>película; experientia>experiencia*;...
- c) Palabras semicultas: sofren máis transformacións cás cultas pero non se transforman tanto como as patriomoniais: *doctore>doutor; clavu>cravo; eclesia>igrexa*;...

Como consecuencia do anterior, hai grupos de palabras emparentadas polo étimo, é dicir, por unha orixe común, que deron lugar a variantes patrimoniais, cultas e semicultas e ao que se denominan familias léxicas irregulares.

Por exemplo:

| PALABRA PATRIMONIAL | SEMICULTISMOS | CULTISMOS                        | FORMAS LATINAS |
|---------------------|---------------|----------------------------------|----------------|
| artello             | artigo        | articular                        | articulu       |
| cheirar             | (fragancia)   | (deflagrar)                      | flagare        |
| dereito             |               | directo                          | directu        |
| chaga               | praga         |                                  | plaga          |
| chavella            | caravilla     | clavícula                        | clavicula      |
| creto               |               | crédito                          | creditu        |
| cóbado              |               | cúbito                           | cubitu         |
| chan                |               | plano                            | planu          |
| cheo                | (preamar)     | pleno                            | plenu          |
| enteiro             |               | íntegro                          | integru        |
| rella               | regra         | (regular)                        | regula         |
| alleo; allear       |               | alienar; alienación; alienado;.. | alienare       |

|                               |  |                                      |         |
|-------------------------------|--|--------------------------------------|---------|
| dor; dorido; doer; doenza;... |  | dolencia; indolente; doloroso;...    | dolore  |
| orde; desorde;...             |  | ordenar; ordenación; ordenamento;... | ordine  |
| segredo                       |  | secreto; secretario;...              | secretu |
| persoa; persoal;...           |  | personalidade; personalizar;...      | persona |

### Algúns grupos consonánticos problemáticos:

**Grupos *bl*, *cl*, *fl*, *gl*, *pl*, *tl*:** *aclarar, blindar, bloque, clamar, clase, claridade, claro, clasificar, flota, fluxo, gloria, placa, plano, planta, ...*

Hai r na vez de l en: *aprazar, branco, brando, compracer, cravo, cumprir, dobrar, empregar, fraco, frouxo, igrexa, nobre, obrigar, pracer, prata, praia, praza, preito, ...*

**Grupo *bs+consoante*:** *abstêmio, abstención, abstracto, obstáculo, obstruír, subscrición, subscriptor, substancia, substantivo, substitución, substituír, ...*

Excepcións: *subtraer, subtracción.*

**Grupos *-ct-* e *-cc-*:** mantéñense cando os preceden as vogais *a*, *e*, *o*: *abstracto, acción, acta, acto, actor, adxectivo, aspecto, colección, dirección, inspección, nocturno, obxectivo, obxecto, olfacto, pacto, perfecto, redacción, respectar, respecto, ...*

Perderon o *c* as palabras *catarata, contratar, contrato, tratado, tratamiento, tratar, trato*.

Suprímese a primeira consoante nos dous grupos cando os preceden as vogais *i* e *u*: *aflición, condución, conduta, conduto, condutor, conflicto, construcción, construtor, dedución, delito, destrucción, dicionario, distrito, ditado, ditadura, ditame, ditar, estrito, estrutura, frutífero, introdución, producción, produtivo, producto, reduto, reprodutor, tradutor, tradución, vitoria, xurisdición, ...*

Porén, convén manter esta primeira consoante nalgúnsas palabras pertencentes a linguaxes especializadas, de escasa presenza na fala ou para evitar homonimias. Son palabras como *adicción, adicto, convicción, convicto, dicción, dúctil, edicto, evicción, ficción, fricción, invicto, micción, ...*

Neste grupo, hai algúns semicultismos que vocalizaron a primeira consoante en *u* ou en *i*: *doutor, doutrina, reitor, reitorado, seita* (pero *sectario, sectarismo*) suxeitar, suxeito. Un caso especial é o de *pacto/pauto*.

**Grupo [ks] (grafía -x-):** *aproximar, asfixia, axioma, elixir, exame, maxilar, reflexionar, sexo, sexto, téxtil, tóxico, ...*

Algunhas voces moi populares escribense con s: *escavar, excavación, estender* (pero *extensión, extensivo, extenso*), *estrañar, extraño, estranxeiro, estremar* ‘derregar’, *estrema, extremo* ‘linde’ (pero *extremar, extremidade, extremismo, extremo, extremoso*).

Cando nunha mesma palabra hai dúas veces *x*, pode optarse por escribir con *s* o son con valor de [ks]: *esaxerar, exixencia, esixir, osíxeno, ...* ou por manter inalterado o grupo etimolóxico: *exaxerar, exixencia, exixir, oxíxeno, ...*

**Grupo ns anteconsonántico:** *circunscripción, circunspección, circunstancia, consciente, constante, constar, constructor, ...*

O prefixo *trans-* mantén o grupo *ns* cando a base é un cultismo: *transbordador, transcendental, transcribir, transferir, transmitir, transvasar*. E redúcese a *tras-* en palabras populares *trasfegar, trasladar, traspasar, trastornar...*

**Grupos -pc-, -pn-, -ps-, -pt-:** mantéñense nos cultismos: *abrupto, acepción, aceptar, apto, cápsula, concepto, corrupción, decepción, excepto, optar, recepción, ...*

Hai algunas palabras que perden o primeiro elemento do grupo *-pc-* ou *-pt-*: *adscrição, adscrito, cativar, catividade, cativo, circunscripción, circunscrito, descripción, descriptivo, ditongar, ditongo, inscripción, inscrito, prescripción, prescrito, proscrición, setembro, subscripción, ...*

Hai algúns casos de vocalización da primeira consoante: *receita, receitar, adoitar, bautizar, bautismo*.

**Grupos pn-, ps- e pt-:** aparecen en posición inicial en palabras cultas e, segundo a regra xeral, consérvanse na lingua escrita, a pesar de que na fala existe a tendencia a eliminar a primeira consoante: *pneuma, pneumático, pneumonía; pseudónimo, pseudociencia; psicanálise, psicoloxía, psiquiatría; pterodáctilo, pterópodo, ...*

Grupo *-st-*: este grupo consonántico é frecuente nas palabras patrimoniais e non adoita presentar problemas na escrita do galego. Un caso especial é a alternancia de formas do prefixo *post-/pos-*: escribese *post-*, cando vai seguida dunha base que comeza por vocal (*postelectoral*); úsase *pos-* cando vai seguido dunha base que comeza por consoante (*posguerra*).

### **Algúns sufixos e terminacións problemáticos:**

#### **1) -ancia, -encia, -iencia, -uencia, -cia, -cio, -za, -zo**

Palabras cultas: adoita haber coincidencia entre galego, castelán e portugués:

**-ancia:** *abundancia, alternancia, constancia, esixenza, ganancia, importancia, substancia, tolerancia, vixilancia ...*

**-encia, -iencia, -uencia:** adolescencia, apariencia, diverxencia, esixencia, procedencia, referencia, ...; audiencia, ciencia, conciencia, conveniencia, eficiencia, obediencia, ...; afluencia, consecuencia, delincuencia, frecuencia, ...

**-cia:** audacia, avaricia, delicia, eficacia, farmacia, malicia, noticia, suspicacia, ... Neste grupo está a palabra *Galicia*, nome oficial do país, a carón da forma, tamén lexítima, *Galiza*.

**-cio:** anuncio, beneficio, comercio, edificio, ficiticio, negocio, oficio, palacio, propicio, ...

Noutras palabras, o galego conserva as formas con solución patrimonial -zo, -za: *andazo*, *avinza*, *cansazo*, *cobiza*, *crença*, *doenza*, *espazo*, (*espaza*, *espazoso*), *graza* (*desgraza*), *licenza*, *novizo*, *perseveranza*, *pertenza*, *postizo*, *preguiza*, *presenza*, *prezo* (*desprezo*, *menosprezo*, *prezar*, *desprezar*), *querenza*, *sentenza*, *servizo* (*servizal*), *tenza* (*mantenza*), *terzo* (*terza*, *terzar*), *xuízo* (*axuizar*, *prexuízo*), *xustiza*, ...

## 2) -ción, -sión

Mantéñense os dous sufíxos nas palabras cultas: *acción*, *atención*, *bendición* (ó lado da forma patrimonial *beizón*), *canción*, *edición*, *emoción*, *lección*, *admisión*, *concesión*, *expansión*, *versión*, etc.

Levan -zón palabras patrimoniais como *doazón*, *razón*, *sazón*, *traizón*, etc.

**3) -nte:** permite formar substantivos e adxectivos sobre verbos.

verbos en -ar: -ante (*cantante*, *camiñante*)

verbos en -er: -ente (*valente*, *crente*, *nacente*)

verbos en -ir: -ente: *producente*, *incidente*, *transixente*, *lucente*, *influente*, *vivente*,

-iente: *expediente*, *conveniente*, *proveniente*, *interveniente*, *recipiente*, *saliente*

-inte: *concluínte*, *contribuínte*, *saínte*, *seguinte*, *conseguinte*, *oínte*, *constituínte*...

**4) -mento** (de -ar: -amento; de -er: -emento; de -ir: -imento)

**5) -se:** as palabras cultas procedentes de nomes gregos en -sis adoptan a terminación -se e son do xénero feminino: *análise*, *antítese*, *arterioesclerose*, *catálise*, *catequese*, *crise*, *diocese*, *énfase*, *cirrose*, *esclerose*, *hipnose*, *mestástase*, *neurose*, *síntese*, ...

Excepções: *oasis* e *chasis*.

**6) -ite, -te:** igual có grupo anterior: *amigdalite, apendicite, artrite, bronquite, cardite, colite, diabete, farinxite, gastrite, hepatite, meninxite, cute, ...*

Excepción: *gratis*

**7) -ble /-bel:** as dúas son correctas: *amable / amábel; estable / estábel; preferible / preferíbel; terrible / terríbel; ...*

**8) -eo, -eu e -ao, -au.** Terminan en -eo: *ceo, veo, feo, freo, arqueo, bloqueo, aéreo, arbóreo, contemporáneo, óseo, pétreo, ...; eu, meu, teu, seu, chapeu, romeu, sandeu, xubileu, xudeu; cacao, grao, pardao, peirao,...; bacallau, pau.*

### **7) -iño/-iña e -ino/-ina**

Nas palabras patrimoniais a terminación é -iño/-iña: *andoriña, campiña, casiña, campesiño, mariño, menciña, mesquiño, pergamiño, ...*

Os préstamos, latinos ou non, adoptan a terminación -ino/-ina: *albino, anxina, asasino, casino, clandestino, destino, disciplina, doutrina, esquina, feminino, gasolina, intestino, medicina, ...*

**8) -e:** *home, virxe, orde, imaxe, chantaxe, crime, exame, lume, costume, abdome, dictame, réxime, xerme, glute, lique, pole, seme,*

Excepción: *lumen, domen*

**9) masculino -án/feminino -á:** *irmán/irmá; aldeán/aldeá; chan/chá; ciudadán/cidadá; cirurxián/cirurxiá; cotián/cotiá; curmán/curmá; irmán/irmá; san/sa; ...* Tamén seguen este modelo moitos xentilicios, especialmente os que se refiren a entidades de poboación galegas: *alemán/alemá; arousán/arousá; arzuán/arzuá; castelán/castelá, catalán/catalá, compostelán/compostelá; ferrolán/ferrolá, ourensán/ourensá, ...*

**10) masc. án/fem. -ana:** aparece nunha serie de nomes, substantivos e adjectivos, que xeralmente actúan como caracterizadores pexorativos: *barrigán/barrigana; burricán/burricana; folgazán/folgazana; pailán/pailana; ...*

**11) masc. -ano/fem. -ana:** *africano/africana; americano/americana; asturiano/asturiana; bacteriano/bacteriana; cubano/cubana; humano/humana; semana; urbano/urbana*

**12) -aría / -ería:** as dúas son correctas: *armaría/armería; canizaría/carnicería; cervexaría/cervexería; libraría/librería; moblaría/moblería, ...* Algúns galicismos modernos só presentan a terminación en -ería: *batería, galería, galantería, mercería.*